

Luís González Tosar (Buenos Aires, 1952)

Obra poética: *A caneiro cheo*, 1986. *Seis cánticos labrados co recordo de seis cidades mouras*, 1986. *Remol das travesías*, 1989.

Campás de recalada, 1992. *Cantar da Terra Meoga*, 1997.

Madeira do meu canto / Madera de mi canto, Colección Visor de Poesía, Madrid, 1998. (Edición bilingüe gallego-castellano).

Tamén ti, forza do amor serodio, tamén ti tanguèches en min cando a porta que Compostela franquea cada abril, só para brindar-lles paso a aqueles que atrollan as tebras cos seus ollos limpos, foi un aveño perfecto para a paixón.

Tamén ti, suprema causa da vida, raiola agarimosa, pel de veludo nas orellas que me chaman, tamén ti quixeches tocar este nemoroso bosque de pedra, unha cidade entalada no noiro do encanto. Máxica estadea que chegou aquí seguindo a Vía Láctea, aló no principio dos séculos, anunciada por trasgos que servían á beleza tocando os seus símbolos de prata.

Tamén ti, amor que non naceu na aldea e que medraches para ser burgo e ferramenta, alento e cabeza dos mestres artesáns alongándose polas rúas ata chegaren ó cimo das torres, cunha cincha de coiro arredor do pescozo. Campo da estrela do destino, abalón de carballos para horas maniñas, marco de pedra chantado no outón da arca soterrada. Como quen dispón un leito para un corpo necesitado de lúas e tenruras.

Tamén ti, namorada folerpa ventureira, celamín de ouro na esclavina do Apóstolo, doncela e físgoa, esgallada latitude do Pedroso, tamén ti tiñas que gardar no padal un pan sabido, a auga fresca das fontes do Sar, un torreiro a cada vento e os eixos dos carros de leña cantándolle á mañá dos estudantes.

Aferrollado a ti, cando as cismas me abotoan por adentro, afincado en ti, mentres afogo angustias, desconsolos, xuro seguir sendo o teu prístino amante, o teu leigo e vadío sacerdote, un pichileiro noctámbulo e golfante.

(De *Campás de recalada*)

Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953)

Obra poética: *Víspera do día*, 1979. *Alba de auga sonámbula*, 1983. *Solaina da ausencia*, 1987. *O sol entre os dedos*, 1993. *Memoria de Agosto*, 1993. *En voz baixa. Quince anos de poesía (1979-1994)*, 1995, 1997. *El volumen de la ausencia*, Olifante, Zaragoza, 1997.

ADAGIO, OFRENDA ÚLTIMA

A poeira do tempo
riba da memoria deste día
non me roube a súa difusa prata,
os seus ocres pálidos.
Non me deixe indefenso e nu
sen a súa inconcreta ofrenda
de matices ante a noite.
Non me deixe a ferida delicada
deste momento en música que vencido
de agonía se inclina,
sen a opulencia esplendorosa
dos bordados do seu traxe,
como unha fermosa dama que viste
de ouro a súa fráxil luz
diante da morte.

(De *Memoria de Agosto*)

María Xesús Pato (Ourense, 1955)

Obra poética: *Urania*, 1991. *Heloísa*, 1994. *Fascinio*, 1995. *Nínive*, 1996. *A ponte das poldras*, 1996. *m-Talá*, 1999.

pregúntome se nesta frase caben todos os teixos da cidade libre de París, todas as miñas reflexións acerca da linguaxe –*a palabra que pecha o edificio da Lingua abre a palabra cara ao dominio do vento*– foi entón posible cruzar non un senón dous, tres, infinitos arcos da vella, cada portal e a froita; desexaba pronunciar para ti: ónice, dicirche que Camille esculpiu –*le vague*– e tres figuriñas en bronce; non saberemos nunca si as augas son fertilidade, deriva. Soñei cos vetedoiros, coa líbido do rei ou máis ben coa ausencia de líbido no rei, fronte ao estanque; sobre a carencia absoluta de desexo, nunha arte que carece de paixón e só dispón do cálculo e da estética do cálculo para trazar as liñas mestras do seu oficio. As augas, como unha arquitectura para albergar civilizacións ¡miña irmá! **babel é tempo e Afrodita**. Quixen un Ganges de palabras, e ¡que terrible a trenza que ten por empuñadura única a miña mao e por emblema o vento! é como espertar dun soño, do corpo, das palabras

(De *m-Talá*)